


# *EntrePalav·bras*



Curtas.2 Proxecto de Investigación Internacional

## **SINOPSE**

*EntrePalav·bras* é un proxecto de investigación que pretende afondar sobre o impacto que o teatro ten nas mudanzas sociais e civilizacionais, comprendendo o Teatro como Territorio.

*EntrePalav·bras* son dúas pequenas pezas escénicas nas que ButacaZero e TEatroensaio cruzan o seus equipos para a xestación dun experimento

escénico transnacional.

*EntrePalav·bras* e, tamén, un diálogo entre dúas plataformas de produción teatral unidas pola paixón polo teatro político pero separadas por unha fronteira tan imaxinaria como real, a que separa Galiza de Portugal.

## **SOBRE O PROXECTO**

Xavier Castiñeira e máis eu coñecemos a Inês Leite e a Pedro Estorninho grazas á Erregueté. Foi unha viaxe na que compartimos paixón polo teatro e na que falamos (pero moito) de Teatro Político. De Teatro Popular, en tanto que político.

Mesmo trouxen para Galicia un bo feixe de fotocopias que aínda gardo comigo e de tanto en tanto volvo mirar: Unha recompilación dos, posiblemente, máis

importantes textos -breves- escritos sobre este tema. Bertolt Brecht, Victor Hugo. Clásicos, vaia.

Revisando algo despois aquelas copias, decateime de que moito do que estaba tentando desenvolver como dramaturga e tamén como empresaria man a man con Xavier Castiñeira (e por tanto dende ButacaZero) tiña que ver xustamente con este concepto. Escribín sobre isto nalgunha revista, e a partir de entón sempre tentei -máis conscientemente- achegar as miñas propostas dramaturxicas e empresariais a esta idea.

Por todo isto, cando Inês e Pedro nos contactaron para enredarnos nesta lea, desenvolvendo un proxecto de investigación creativa que abordase este propio tema como principal nas pezas, pareceunos un plan certamente succulento. Tanto máis, en diálogo con Portugal, xa que de súpeto se nos agasallaba coa oportunidade de abrir un pequeno sendeiro cara a un país tan veciño como distante moitas veces, por cuestións clasicamente bur(r)oráticas: para os que vivimos en Vigo, Portugal está bastante máis preto que Compostela. Podes ir comer un bacalhau tranquilamente calquera día da semana; pero resulta verdadeiramente difícil chegar como compañía teatral.

*EntrePalav-bras* é, por tanto, un pasiño máis de cara á utopía; unha rotura de muros invisíbeis que nos axudará a seguir soñando nun mundo mellor, e, ademais, a facer por fin teatro en Portugal.

Esther F. Carrodegua, xaneiro de 2024

## CREACIÓN E INVESTIGACIÓN

Pedro Estorninho

Esther F. Carrodegua

Xavier Castiñeira

Inês Leite

## PRODUCCIÓN

ButacaZero | TEatroensaio

En coprodución co: Centro Dramático Galego

TEatroensaio é unha estrutura financiada polo Governo de Portugal Cultura /  
Direção Geral das Artes

Outros apoios (polo de agora): CM Arraiolos, Tuna Musical de Santa  
Marinha, Moagem CERES S. A./ AJHLP / APELGA / Makeup Design

## COMPAÑÍAS

**ButacaZero** é a plataforma creativa de Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira, que propoñen un teatro que dialoga coa actualidade dende unha mirada crítica e irónica. Tras darse a coñecer con *Voaxa e Carmín*, investigaron o esquecemento con *na butaca [fantasía nº3 en Dor Maior]*, a identidade galega con *#camiños*, a vida de María Casares con *Despois das ondas*, a vida confinada con *32m²*, a gordofobia con *O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada*, e a transición post-franquista con *IRIBARNE*.

**TEatroensaio** fundouse en Porgo no 2008 e desenvolve dende entón traballos sobre a "Palavra", escenificando pezas de autores nacionais e extranxeiros, así como dramaturxia orixinal. Realiza tamén un amplo programa de difusión cultural con participación de comunicades locais, actividades de Poesía, Música e Formación, conferencias, así como a publicación anual de "Ensaio de Teatro" (13ª edición en 2024), o DramaTEns (concurso anual de Dramaturxia (en galego e portugués, dende 2013), Ciclo Fora de Palcos e o CINENSAIO.

## CV'S

### **Pedro Estorninho**

Director artístico do TEatroensaio, autor e director

Como director e autor traballa dende 1999 para a Companhia de Teatro de Sintra, Teatro Art´Imagem, Festival Vicentino Guimarães, Festival de Artes de Monsaraz Museu Aberto, Protolab, Telemaque, Theatre Repetition, SOTAO, TEatroensaio (TE) ou Teatro Bocago.

Algunhas das súas obra son "O Peregrino" (Édition Lusophone Paris - 2005); "LX Contos" (Editora Utopia - libro convidado no Salón do libro de Paris 2005), "Da Juventude Pouco se Sabe" (Premio mellor texto orixinal S.I.T.U.L. 97); "O Amor também passa pelo estômago" (Companhia de Teatro de Sintra); "Tragi-Comédia o Auto do Julgamento" (Guimarães Festival Vicentino); "A Morte dos Reis" – Theatre Repetition; "A Última Porta" (TE 2009); " Teatro Possível"(Teatro Bocage Lisboa, 2010); "Madrugada" – Teatro Art´Imagem (2012).

Foi Conselleiro do comité Casa de Portugal París (ata 2006) e Membro da Direcção FITEI entre 2013 e 2019.

### **Xavier Castiñeira**

Licenciado en Dirección de Escena pola RESAD de Madrid. Máster Universitario en Teatro e Artes Escénicas pola Universidade de Vigo, e Licenciado en Filoloxía Hispánica pola USC. Desde os seus inicios no mundo do teatro compaxinou o seu labor creativo coa docente, na actualidade na ESAD de Galicia.

Dirixiu unha vintena de obras de teatro, entre elas case todas as de ButacaZero e tamén para compañías como Goliardos, Mairitz, A Escola de Música Creativa, Barrosanta ou De Ste Xeito.

### **Esther F. Carrodegas**

Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia, Licenciada en Xornalismo entre Compostela e Torino e Técnico Superior en Imaxe (EIS A Coruña), esta rianxeira de pura raza cabalga sobre os límites que separan os

xéneros, sendo moitos dos seus textos difíciles de clasificar. Cunha decena de obras teatrais publicadas, os seus textos foron estreados tanto na súa propia plataforma como noutras compañías tanto privadas (De Ste Xeito, Outubro Producións) como públicas (Centro Dramático Galego, Teatro Español ou Centro Dramático Nacional).